

BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE CASAS, FACHADAS E BALCÓNS DE NADAL

Contido Bases Legais Concurso.

1. Obxecto e finalidade

O Concello de Vilalba, a través da súa Concellería de Educación, Infancia e Mocidade, Feiras e Mercados, convoca o concurso de decoración de casas, fachadas e balcóns, coa finalidade de promover e contribuír a crear un ambiente festivo nas rúas durante a época de Nadal.

2. Persoas ás que se dirixe

Poderán participar no concurso todas aquelas vivendas tanto do casco cubano como do rural. Só unha participación por vivenda e persoa maior de idade.

3. Inscripción

Poderanse inscribir dende o día **da publicación das bases ata o 17 de decembro** de 2021, a través da sede electrónica do concello <https://vilalba.sedelectronica.es/> ou ben presencialmente por rexistro, en horario de 9:00h a 14:00h, cubrindo a folla de inscrición (anexo I), que estará dispoñible na web do concello www.vilalba.gal e na oficina de cultura.

4. Mecánica de participación

_ O tema para desenvolver será alegórico ao ambiente propio das Festas do Nadal.

_ As decoracións deben estar visibles desde a rúa, e completamente instaladas desde o **21 de decembro de 2021 ao 6 de xaneiro de 2022**.

_ Valorarase decoración de vivendas (fachadas, xardíns, balcóns e xanelas) tanto do casco urbano como no rural.

_ As visitas do xurado faranse en calquera momento durante o período no que as vivendas deban estar adornados, e sen previo aviso

__ A decoración dos balcóns, xanelas e fachadas non ten que causar ningún perigo nin prexuízo para as persoas e bens sendo responsable de calquera dano o propietario e eximindo ao concello de calquera dano, ademais de poder ser excluído por esta razón.

__ Os motivos da decoración serán única e exclusivamente do nadal.

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 19 DE NOVEMBRO DE 2021

Fdo. La Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez



5. Criterios de valoración.

Os criterios de valoración son:

- Orixinalidade e complexidade: de 0 a 5 puntos
- Artesanía: de 0 a 5 puntos
- Deseño: de 0 a 5 puntos
- Decoración con material reciclado: de 0 a 5 puntos
- Iluminación: de 0 a 5 puntos

No caso de empate na puntuación obtida, o xurado establecerá o mecanismo para desempatar.

6. Premios.

Establécense os seguintes premios:

- __ 1ª premio: 200€
- __ 2º premio: 150 €
- __ 3º premio: 100 €

__ Premio especial : 50 € , por ser o máis votado en Facebook con máis me gustas ou encántame, ata o 6 de xaneiro de 2022 ás 23:59. Premio compatible con calquera dos outros tres premios.

O financiamento dos premios farase con cargo á aplicación orzamentaria 338 / 48942 (Orzamento municipal 2021 do concello de Vilalba).

7. Xurado.

O xurado estará composto por diferentes representantes das asociacións da localidade, presidido pola concelleira de Educación, Infancia e Mocidade, Feiras e Mercados ou persoa que a substitúa, e actuando de secretaria o/a técnica/o de cultura, ou persoa que a substitúa.

Tanto a composición dos membros do xurado como a resolución dos premios, faranse públicos na páxina web www.vilalba.gal e na Sede Electrónica do concello.

O xurado podrá visitar as decoracións calquera día e en calquera momento no período de concurso.

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 19 DE NOVIEMBRE DE 2021

Fdo. La Secretaria

Ana M.ª Rubiera Álvarez



Os premios poderán quedar desertos no caso de non cumprir os requisitos mínimos esixidos.

Unha vez que se reúna o xurado daranse a coñecer os/as premiados/as, na páxina web <https://www.vilalba.gal/> na Sede Electrónica do concello e a través dos distintos medios de comunicación.

8. Aceptación das bases do concurso.

A participación neste Concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como as decisións do Xurado, podendo quedar excluído todo aquel participante que incumpra as mesmas.

9. Protección de datos de carácter persoal

As persoas participantes aceptan, mediante a súa participación neste concurso, a publicación das fotografías das fachadas nas redes sociais, medios de comunicación e web do Concello de Vilalba; e os seus datos serán tratados de conformidade co recollido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a restante normativa aplicable na materia.

10. Dereitos de imaxe.

Cada participante manifesta e responsabilízase de que ostenta os dereitos de imaxe e propiedade intelectual sobre todo o material presentado a concurso. A aceptación da participación supón dar o consentimento ao Concello de Vilalba para empregar as fotografías como parte do material promocional se así se estima oportuno.

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 19 DE NOVEMBRO DE 2021

Fdo. La Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

